Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 1. MARZO DE 2017

Editorial

A Ulloa en cifras

ACTUALIDADE

—Entrevista co arquitecto Xurxo Salvador, un dos responsábeis da restauración do castelo de Pambre. *Por Daniel Salgado.*

—A indisciplina urbanística na Ulloa. *Por Sabela Pardo*

PATRIMONIO

—Vilar de Donas: a transformación da casa tradicional. *Por Divina Pérez Viña*

—Cabeceiras, os hórreos dos pobres. *Por Cristina Varela Cadahía.*

—Rastros románicos dunha orde militar en Marzán. *Por María José Gómez Alvite*

HISTORIAS

—Viva o Rei! Viva a Ulloa! Morra a Única! *Por Fernando Salgado*

—A aurora do porvir chega dende América. *Por Gregorio Ferreiro Fente e Emilia García López*

PERSOEIROS

—Un poema esquecido de Lorenzo Varela. *Por José Ángel García López*

—Manuel García Blanco, pioneiro da didáctica da lingua galega. *Por Xulio Pardo de Neyra*

—O 'Mintireiro Verdadeiro', medio século de literatura popular. *Por José de Castro*

—O último da Lira. *Por Pablo Pardo*

INTERVENCIÓN

—Santa Muller. *Por Patricia Coucheiro*



Ninguén sabe onde está o monte Cairón. Os expertos na vida e na obra de Lorenzo Varela avanzan algunhas hipóteses, pero nada definitivo. A única verdade comprobada, porque así o explica o autor no propio poema, é que os seus ollos de meniño percibían aqueles «montes heroicos tan antiguos». O misterio talvez xa nunca se resolva. Con todo, nada hai máis suxestivo que un lugar que (aínda) non existe: a utopía. E esa utopía, a utopía Cairón que é a utopía da liberdade, dá nome ao boletín do Instituto de Estudos Ulloáns, cuxo primeiro número, querida lectora, tes entre as mans.

Cairón quere ser memoria e presente, arquivo e diagnóstico, sala de xuntas e almacén de historias, parlamento e rexistro. As súas páxinas nacen para acoller as angueiras das ulloás e os ulloaos, de todos aqueles que teñan unha historia que contar, un suceso que lembrar, unha idea que propor, unha investigación que amosar, unha denuncia que realizar. As súas páxinas, que o Instituto pretende acudan á cita co pobo da Ulloa unha vez ao ano, están abertas.

Neste primeiro número, lectora, poderás asomarte á vida e obra dun dos últimos integrantes da primeira xeración de bandas de música. Coñecerás como un veciño de Palas de Rei foi pioneiro á hora de reclamar dignidade para a nosa lingua, o galego, e de instar a aprendela nas escolas. Entenderás algunhas das dificultades técnicas e administrativas da restauración do Castelo de Pambre. Verás como nunha feira de Monterroso de hai máis de dous séculos se iniciaron as revoltas fiscais que fixeron abalar o Antigo Réxime en Galicia. Adquirirás consciencia de como a indisciplina urbanística acabou por entrar nas vilas da bisbarra. Descubrirás que as cabeceiras sobreviven apenas na Ulloa pero houbo construcións semellantes por todo o mundo. Tamén percibirás como se foron transformando as casas tradicionais ao longo dos anos. Un poema ate agora esquecido de Lorenzo Varela pasará ao dominio público. Bucearás na historia das escolas da emigración e no papel progresista dos indianos e saberás que en Marzán a Orde dos Templarios tivo parada, fonda e algo máis. Afondarás na historia do *Mintireiro Verdadeiro*, almanaque labrego e churrusqueiro. E emocionaraste cunha reivindicación fotográfica da muller traballadora.

Cairón é unha das primeiras iniciativas escritas de estudo e divulgación de ámbito comarcal realizadas na Ulloa. Cumpre cun dos principios fundamentais do Instituto de Estudos Ulloáns, a necesidade de *facer bisbarra*. Agardamos, queridas lectoras e lectores, que gocedes con este monllo de textos e que, en fin, vos apropiedes de Cairón.

Daniel Salgado. Na Ulloa, febreiro de 2017

CAIRÓN
Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 1. Marzo de 2017

COORDINA
Daniel Salgado

ESCRIBEN E FOTOGRAFAN
Cristina Varela Cadahía
Daniel Salgado
Divina Pérez Viña
Emilia García López
Fernando Salgado
Gregorio Ferreiro Fente
José Ángel García López
José de Castro
María José Gómez Alvite
Pablo Pardo
Patricia Coucheiro
Sabela Pardo
Xulio Pardo de Neyra

GRÁFICA
Numax

PRELO
Agencia Gráfica

DEP. LEGAL
LU 32-2017